



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 412/2015, DO 28 DE XULLO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de XEFE DE BRIGADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 389/2015 do 16 de xullo onde se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para 1 XEFE DE BRIGADA de incendios, e onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) o venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde.

Vista a acta nº 1 do tribunal de selección con data do 17 de abril do desenvolvemento da proba física realizada o día 17 de xullo de 2015 ás 8:15h en Vimianzo e vistos os resultados da mesma valorados e contrastados polos profesionais da Clínica Vimianzo Saúde, na que aparece a calificación dos aspirantes de aptos e non aptos.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 396/2015 do 17 de xullo na que o martes 21 de xullo foron convocados os aspirantes a xefe de brigada que superaron a proba física á realización da entrevista persoal e a valoración de méritos por parte do tribunal de selección.

Vista a acta do tribunal de selección nº 2 do día 21 de xullo de 2015, onde por unanimidade dos seus membros aparecen reflectida as valoracións da fase de oposición e a fase de concurso para un xefe de brigada.

Vista a Resolución de Alcaldía 403/2015, do 22 de xullo, onde se publica a valoración total dos aspirantes a praza de xefe de brigada e se convoca a D. José David Allo Rama, aspirante con maior puntuación, para a realización do recoñecemento médico obrigatorio o día 24 de xullo ás 05:15h na Clínica Vimianzo Saúde.

Visto o informe da Clínica Vimianzo Saúde con data do 28 de xullo de 2015 (RE nº 1888), asinado polo médico colexiado nº 15/11659, onde se indica que o candidato a xefe de brigada D. José David Allo Rama está apto para a realización da actividade profesional como xefe de brigada de defensa contra incendios forestais.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.: Adxudicar a praza de XEFE DE BRIGADA a D. José David Allo Rama e conceder o prazo de 3 días hábiles para presentar a documentación necesaria, segundo o punto noveno das bases xerais de selección para proceder a formalización do contrato.

SEGUNDO.: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.cabana.gal) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución de Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

Mándao e asino o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 28 de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,
Asdo.: José Muíño Domínguez.

A Secretaria en acumulación de funcións
Asdo.: Rosa Ana Fernández

ALCALDÍA
(A CORUÑA)

CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS
SECRETARÍA
(A CORUÑA)